

O CAMBIO LINGÜÍSTICO NOS NOMES DE LUGAR. NOTAS A PARTIR DA TOPONIMIA GALEGA

Carolina Pérez Capelo

Instituto da Lingua Galega

Universidade de Santiago de Compostela

Quixera agradecerlle á profesora Rosario Álvarez a súa atenta lectura e revisión dunha versión previa destas notas de toponimia e cambio lingüístico. Este traballo desenvolveuse dentro do grupo de investigación Filoloxía e lingüística galega (GI-1743) do Instituto da Lingua Galega (USC) e grazas á axuda da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a grupos de referencia competitiva (GRC2013-040) da Secretaría Xeral de Universidades, cofinanciada parcialmente polo FEDER.

Quisiera que, después de este recorrido, la toponimia no se nos presente como un depósito de fósiles ni como un archivo de datos para el historiador o el lingüista, sino como un tesoro de recuerdos vivos y operantes, lleno de problemas que incitan a la investigación.

RAFAEL LAPESA

1. INTRODUCCIÓN

Ao iniciarmos este traballo sobre toponimia e cambio lingüístico, tropezamos co texto escrito dunha conferencia de Rafael Lapesa; a disertación titulábase “La toponimia como herencia histórica y lingüística” e no seu inicio formulaba o autor a seguinte cuestión:

Ante el lenguaje vivo, con su riqueza desbordante, creador de estructuras en continuo reajuste, renovador constante de su propio sistema, ¿qué valor tienen, desde el punto de vista lingüístico, las denominaciones geográficas, de significación oscura muchas veces, que se perpetúan fosilizadas? (Lapesa 1992: 170).

Fronte á fala común, en constante transformación e permanente evolución, a toponimia adoita ser contemplada coma un caixón inmóbil repleto de vestixios e reliquias lingüísticas de tempos pretéritos. Esta consideración ten a súa parte de verdade pois, efectivamente, na toponimia consérvanse petrificadas voces e formas que se foron apagando na fala común ou, indo máis atrás, que se orixinaron nunha lingua xa extinta cuxas únicas testemuñas son, precisamente, eses nomes de lugar. Neste senso, e continuamos a servirnos da explicación de Rafael Lapesa, a toponimia interésalle á lingüista coma a paleontoloxía á bióloga ou a arqueoloxía á historiadora: as tres disciplinas permítenos viaxar atrás no tempo e teorizar sobre o noso pasado biolóxico, histórico e, no caso que nos ocupa, lingüístico.

No entanto, aínda que poida caracterizarse por ser máis conservadora ou resistente perante as mudanzas, a toponimia non fica fóra da constante evolución da

lingua, non é estática, non é pois allea ao cambio lingüístico. Nas páxinas deste traballo pretendemos, precisamente, reflexionar sobre como actúa o cambio lingüístico nos nomes de lugar, ilustrando a nosa reflexión a través de exemplos da toponimia galega.

Na primeira parte expoñeremos algunhas consideracións xerais sobre a toponimia, facendo fincapé na súa singularidade dentro do sistema lingüístico. Tal e como veremos, os nomes de lugar son parte integrante da lingua (§ 2), pero presentan certos trazos particulares que os fan distintos das demais palabras (§ 3). Nestas características singulares dos topónimos radican as causas de que o cambio lingüístico opere neles dun xeito tamén singular, dándose dúas tendencias aparentemente contraditorias: dunha banda, a toponimia é máis proclive que o léxico común ás mudanzas irregulares (§ 4); doutra, presenta unha maior resistencia ás mudanzas xerais (§ 5).


2. TOPONIMIA, LINGUA E CAMBIO LINGÜÍSTICO

Os nomes de lugar intégranse dentro do repertorio lingüístico que os falantes posuímos para nomear a realidade que nos rodea. De igual maneira ca *outeiro*, *regato* ou *devesa*, voces coma *Compostela*, *Dumbría* ou *Fontefría* créanse no seo da lingua, cos mesmos recursos que as palabras comúns e, aínda que posúen trazos que as fan diferentes dos demais signos lingüísticos, non deixan de formar parte da nosa competencia comunicativa, sendo preciso o seu coñecemento para podermonos entender en determinados contextos sociais. Os topónimos, xa que logo, son parte das linguas. Este aserto, con certeza obvio para moitos, repítese en boa parte dos traballos teóricos sobre esta materia, coma se existise unha obrigación tácita de demostrar a pertenza dos nomes de lugar aos sistemas lingüísticos. Tal obriga está en boa medida xustificada polas particularidades que o signo toponímico presenta (§ 3), así coma pola multiplicidade de perspectivas desde as que poden ser estudados os nomes de lugar, xa que son obxecto de interese non soamente para a lingüística, senón tamén para a xeografía, a historia, a arqueoloxía, a xeoloxía etc. Esta transversalidade disciplinar da toponimia motiva que en moitos traballos, amais de se xustificar a pertenza da toponimia á lingua, se reivindique tamén a prioridade da ciencia lingüística á hora de estudala:

La toponimia es una disciplina cuya problemática se la han repartido la lingüística, la geografía, la historia, la botánica, la arqueología, la antropología... Y todas ellas alegando un “derecho” de propiedad. Pero habrá que convenir que más (no digo exclusivo) “derecho” que ninguna tiene la lingüística, como perspectiva que trata de explicar una parcela del léxico de un lugar, de una región, de una lengua (Trapero 1995: 21).

Integrados, pois, dentro dos sistemas lingüísticos, os topónimos non son alleos aos procesos de cambio que operan no seo das linguas. A súa evolución é paralela á de todas as demais palabras:

Comme tous les mots du langage, les noms de lieux ont évolué suivant les lois de la phonétique régionale, au fur et à mesure que la prononciation se transformait et se différençait d'une région à l'autre (Dauzat 1963: 53).



Mapa 1. *Abeleira*, *Abelaira* e *Abraira* na toponimia galega¹

No Mapa 1 recóllense as diferentes variantes toponímicas existentes en galego como resultado da diverxente evolución do latín (ARBORE) ABELLANĀRIA: *Abeleira*, *Abelaira* e *Abraira*. No tocante á terminación sufixal -ĀRIA, dela derivan dunha ban-

¹ Elaboración propia a partir dos datos do *Nomenclátor de Galicia* (NG) (toponimia maior) e do *Proxecto Toponimia de Galicia* (PTG) (toponimia menor). Cómpre puntualizar que esta última é unha base aínda incompleta, na que non está recollida toda a toponimia menor do territorio galego, senón soamente a dalgunhas zonas, o cal explica os baleiros que se aprecian no mapa. Para máis información sobre o estado actual dos traballos do PTG en cada concello, vid. <http://toponimia.xunta.es/gl/ProxectoToponimiaGalicia/estadoporconcellos>.

da *eira*, *Abeleira*, e doutra, *-aira*, *Abelaira* e *Abraira*². En canto ao radical, a carón do resultado maioritario *abel-*, *Abeleira* e *Abelaira*, rexístrase tamén *abr-*, *Abraira*, con síncope da vogal átona pretónica e transformación da consoante lateral nunha rótica. Estas tres variantes, as transformacións que nelas se produciron e a súa distribución xeolectal non son, desde logo, exclusivas da toponimia, senón que se dan tamén no léxico común³. Noutras palabras, na evolución da lingua galega e das súas diferentes variedades internas producíronse diversas mudanzas (*-ĀRĪA* > *-eira* ~ *-aira*; *ABELLAN-* > *abel-* ~ *abr-*) que afectaron tamén á toponimia como parte integrante do sistema, evolucionando esta consonte o cambio lingüístico xeral até, nalgúns casos, fixarse como forma canónica. As formas toponímicas *Abeleira*, *Abelaira* e *Abraira* transformáronse pois “comme tous les mots du langage”.

As próximas páxinas deste traballo están centradas na descrición das múltiples peculiaridades que o signo toponímico presenta perante as mudanzas lingüísticas. Desa exposición de fenómenos particulares podería inferirse a imaxe da toponimia coma un eido completamente irregular e anárquico, desviado da lingua común e das transformacións que nela actúan. É por isto, coa intención de evitar esa extrapolación, polo que insistimos nesta primeira idea: os topónimos son parte da lingua e, por conseguinte, a pesar das súas “posibles anomalías” evolucionan canda a lingua, sen se afastaren “a priori” dos cambios xerais:

Respecto de la historia fonética de los nombres de lugar, si bien se ha hecho antes alusión a sus posibles anomalías, casi no hace falta decir que en general es paralela a la de toda la lengua popular o vulgar. (Moralejo Lasso 1977: 53)

Quan els lingüistes s'inclinen sobre la Toponímia tenen cura de precisar que els noms de lloc són mots de la llengua, com tots els altres, i que, per consegüent, resten enquadrats dintre les mal anomenades “lleis” de l'evolució de la llengua o dialecte als quals pertanyen. Efectivament, els topònims no són pas res més que noms comuns o noms propis, actuals o pretèrits que, tot i havent adquirit una categoria pròpia, no es desvien “a priori” de les normes generals (Moreu-Rey 1982: 157).

² O resultado en *-aira* está condicionado pola presenza de [a] como última vogal do radical (Navaza 2002: 142). Cf. outros pares de topónimos nos que o sufixo comparece no mesmo contexto fónico: *MATTIANĀRĪA* > *Maceira* ~ *Mazaira*, *PLATANĀRĪŪ* > *Pradeiro* ~ *Pradairo*, *SCALĀRĪŪ* > *Esqueiro* ~ *Escairo*, *QUINTANĀRĪŪ* > *Quinteiro* ~ *Quintairo*, **RANĀRĪŪ* > *Reiro*, *Rairo*.

³ Para as variantes dialectais procedentes de *ABELLANĀRĪA* no léxico común, vid. *ALGa* VI: 254, *Abeleira* (*Coryllus avellana* L.).

3. ALGUNHAS PARTICULARIDADES DO SIGNO TOPONÍMICO

O feito de que ás veces os topónimos se afasten das transformacións lingüísticas xerais e sexan máis proclives a mudanzas irregulares está motivado pola propia natureza do signo toponímico, polas súas características peculiares. É por isto polo que consideramos oportuno lembrar algunhas das diferenzas máis salientables entre os nomes de lugar e os nomes comúns, diferenzas nas que, como veremos, estriban as particulares actuacións do cambio lingüístico na toponimia.

O principal trazo diferenciador dos topónimos fronte aos substantivos comúns radica no modo de estableceren referencias concretas na realidade extralingüística: o referente dos nomes de lugar é constante, fixo, mentres que o dos nomes comúns é contextual, variable (Álvarez Blanco / Xove 2002: 376). Na voz *outeiro*, unha cadea fónica (significante), [ow'tejro], é asociada a unha imaxe mental (significado), 'pequena elevación do terreo'. As posibilidades referenciais de *outeiro* son moi amplas: mediante este apelativo o falante pode aludir a calquera entidade do mundo que coincida coa súa caracterización; a referencia extralingüística soamente se concreta cando o inserimos nunha frase nominal, acompañado de determinantes e modificadores: *Aquel bonito outeiro que se albisca desde a fiestra*. Pola contra, o significante do signo toponímico vincúlase en primeiro lugar ao seu referente, identificando unha realidade única e irrepitible nunha zona determinada (Terrado 1999: 70). As cadeas fónicas [kompoʃ'tɛla] ou [dum'bria] asóciase a cadanseu punto concreto da xeografía: a capital galega e unha parroquia da Costa da Morte; non son precisos nin determinantes nin modificadores específicos porque a súa referencia xa é de seu singular, única. Así pois, no signo lingüístico común o significante vincúlase a un significado ([ow'tejro] → 'pequena elevación do terreo'), mentres que no signo toponímico, a asociación primeira establécese entre o significante e o referente extralingüístico ([kompoʃ'tɛla] → a capital de Galicia).

Quere dicir isto que os topónimos non posúen significado? Se pensamos nos múltiples lugares chamados *O Outeiro* (ou *Fontefría* ou *A Igrexa* ou *A Pereiriña* ou tantos outros) axiña concluimos que o signo toponímico, amais de referente, tamén presenta significado. O nome *O Outeiro*, alén de identificar un punto xeográfico concreto e único (un lugar do concello de Vimianzo, por exemplo) posúe tamén o significado do apelativo a partir do cal se creou, 'pequena elevación do

terreo'. É o que Terrado (1999: 17) describe coma o dobre modo de significar da toponimia:

La belleza y la utilidad de los topónimos estriba precisamente sobre ese doble modo de significar: el inmediato, su identificación de una realidad, y el mediato, la alusión a unos rasgos descriptivos, a una categorización de los objetos del mundo. Y esos dos modos de significar se superponen.

Ora ben, aínda posuíndo significado, a asociación primordial no signo toponímico establécese entre significante e referente, o que comporta unha tendencia á perda parcial ou total de conciencia do significado do topónimo para os falantes. Ante un enunciado coma *Ao ir para a Pereiriña pasei polo Carballiño*, o falante non imaxina, polo menos de primeiras, dúas árbores pequenas, senón que vincula *A Pereiriña* e *O Carballiño* con dous lugares concretos.

E nomes de lugar coma *Dumbria* ou *Compostela*? Nestes casos, os topónimos non se corresponden con ningunha palabra do léxico común, aparentemente non posúen significado. Distínguense así dúas clases de nomes de lugar: os transparentes coma *Fontefría* e os opacos coma *Dumbria*. O falante coñece o referente e o significado dos primeiros; dos segundos, tan só o referente⁴.

No entanto, aínda que no plano sincrónico sexa operativa esta distinción, todos os nomes de lugar foron na súa orixe transparentes. *Dumbria* e *Compostela* son topónimos opacos para o falante actual, mais no momento en que os lugares así chamados foron bautizados, *Dumbria* e *Compostela* (ou, mellor dito, as formas das que proceden estes nomes) posuían un significado na/s variedade/s da/s que formaban parte, ao igual ca hoxe *O Outeiro*, *Fontefría* ou *A Pereiriña*. É precisamente unha das principais tarefas da disciplina toponímica devolverlles a fala aos topónimos mudos, descubrir os significados dos nomes que co devir do tempo se tornaron inintelixibles.

A cuestión da transparencia significativa orixinal está estreitamente ligada á da motivación semántica dos topónimos. Tal e como escribe Galmés (1986: 30):

⁴ Outras etiquetas empregadas nos estudos de toponimia e que tamén se utilizan neste traballo son: *descriptivos* e *nominativos* (Trapero 1995), *intelixibles* e *inintelixibles* (García Arias 1995) ou *falantes* e *mudos* (Piel 1979). Entre a opacidade e a transparencia totais poden existir diversos graos, motivo polo cal algúns autores coma García Arias (1995: 15) introducen unha clase intermedia: “Topónimos semi-intelixibles sedrían aqueles onde'l falante (...) alcuentra dalguna rellación interpretable dende apelativos de la propia llingua”.

Creo que el hablante, creador de la toponimia, es mucho más racional de lo que parece deducirse de las explicaciones de muchos etimólogos, y así lo mismo que llama al pan, pan, y al vino, vino, al monte le llama monte, y a la peña, peña, y al valle, valle, y al llano, llano, y al río, río, etc.

Á hora de denominar o espazo, os falantes procuran e aplican nomes ben acaídos, que caractericen o lugar bautizado, establecéndose pois unha relación directa entre o topónimo e a realidade nomeada. Desafiando o principio de arbitrariedade lingüística, os nomes de lugar son signos semanticamente motivados⁵: ás veces describen a orografía do terreo (*O Outeiro, As Chairas, A Valiña*); outras, as correntes de auga que pasan polo sitio (*Fontefría, Riotorto, As Lagoelas*); nalgúns casos, poden aludir á vexetación do lugar (*A Pereiriña, A Carballeira, Maceda*) ou tamén á fauna (*Golpilleiras, Mazaricos, Corveira*); así mesmo, poden facer referencia a construcións singulares (*A Igrexa, A Ponte, Pousada*) ou tamén a persoas que viviron alí ou foron donas do espazo nomeado (*Donalbai, Mourelle, Afonsín*). No fin de contas, a toponimia é, como dixo Rafael Lapesa (1992: 170), “índice de la relación entre el hombre y el suelo. Nos dice cómo el lugar ha sido visto y sentido por sus habitantes”. Ora ben, tamén é certo que co pasar do tempo puideron desaparecer o outeiro ou a fonte e, sobre todo, a pereira, a igrexa ou a persoa que deron lugar ao nome, esvaecéndose a transparencia e ficando o topónimo soamente como testemuña dunha historia xa extinta.

4. A MAIOR PROCLIVIDADE DA TOPONIMIA AO CAMBIO IRREGULAR

Na súa “Viaxe pola onomástica galega”, Santamarina (2005: 165) fálanos de que nos nomes de lugar poden observarse dúas tendencias opostas:

Quero finalmente chamar a atención sobre un aspecto contraditorio co que tropeizamos na toponimia, non só na galega. Por un lado hai unha tendencia pola cal os nomes

⁵ Somos conscientes de que a cuestión da motivación toponímica é máis complexa e de que convirían múltiples puntualizacións á explicación xeral que achegamos. Para afondar en cuestións coma a dos nomes impostos, con motivacións honoríficas, de memoria etc (especialmente frecuentes na toponimia urbana), o caso particular que constitúen os antropotopónimos ou as habituais operacións metafóricas no nomeamento de lugares, vid. García Arias (1995: 14-20), Terrado (1999: 70-75) e Trapero (1995: 29-32).

opacos se violentan foneticamente para tornalos transparentes (...). Pero por outro lado hai tamén a tendencia contraria: a frecuencia de uso somete as palabras a un desgaste extraordinario e de “falantes” vólveas “mudas”.

Estes dous procesos inversos que experimentan os significantes toponímicos e que poden conducir ben á opacidade significativa ben a unha pseudotransparencia son en ambos os casos procesos de mudanza esporádicos, encadrados fóra da evolución regular da lingua. Moureu-Rei (1982: 157) refírese a estas transformacións como “modificacións excepcionais”:

Que els topònims, evadint-se de les esmentades “lleis” fonètiques i morfològiques, menys protegits que els altres mots, tendiran a incloure’s dintre les modificacions excepcionals: no solament allò que alguns tractadistes anomenen “canvis esporàdics” (assimilació, dissimilació, metàtesi, etc.), sinó principalment els “errors lingüístics”, aquells que provenen d’una falsa interpretació (analogia, etimologia popular).

Aínda que as “modificacións excepcionais” tamén son habituais no léxico común, a toponimia, polas súas características particulares, presenta unha maior proclividade a elas. Tomando como punto de partida a explicación de Antón Santamarina, clasificamos as mudanzas esporádicas no significante dos topónimos atendendo ás consecuencias que estas teñen no seu significado: dunha banda, as alteracións que fan calar os topónimos falantes, que os tornan opacos (§ 4.1); doutra, as transformacións que os volven significativamente transparentes, aínda que esa transparencia sexa só aparente (§ 4.2).

4.1. Topónimos falantes que se tornan mudos

O antropónimo xermánico *Recesindus* (HGNC 219/20) deu lugar na toponimia galega a un bo monllo de formas diferentes: *Requesende*, *Ricosende*, *Recesende*, *Rececede*, *Rececinde*, *Rexosende*, *Recesindes*, *Rececedes*, *Raxasendes*. O exemplo non é noso, senón de Boullón (2013: 38), que o emprega para ilustrar as diverxentes transformacións lingüísticas experimentadas polos nomes de lugar:

As evolucións diverxentes na toponimia atéstanse sobre todo naquelas formas que non presentan correlatos no léxico común, isto é, nos máis opacos. Así, moitos topónimos

son testemuños privilexiados de tendencias que se experimentaron na lingua e que acabaron callando en desigual medida.

O caso de *Recesindus* non é excepcional, pois dáse con bastante asiduidade na antropotoponimia de procedencia xermánica. Exemplos semellantes son os de *Recemirus* (HGNCB 219/10), nome de posuidor que dá lugar ás formas toponímicas *Recimil*, *Recemil*, *Reximil*, *Recemel* e quizais *Regomil*; ou o de *Recemundus* (HGNCB 219/12), ao que poden retrotraerse *Recemunde*, *Recemonde*, *Razamonde*, *Rasamonde* e *Risamonde*. Obsérvanse nestes topónimos múltiples vacilacións no vocalismo átono procedente de *Rec(c)*-⁶, o primeiro elemento común aos tres étimos: a vogal inicial ten como resultado maioritario [e], mais nalgúns casos fechou un grao (*Ricosende*, *Risamonde*) e noutros abriu (*Raxasendes*, *Razamonde*, *Rasamonde*); en posición pretónica alternan [e] (a máis habitual), [a] (*Raxasendes*, *Razamonde*, *Rasamonde*, *Risamonde*), [o] (*Ricosende*, *Rexosende*, *Regomel*) e tamén [i] (*Recimil*, *Reximil*, probablemente por asimilación á tónica). Aínda que en menor medida, tamén nas vogais tónicas se produciron diversos cambios que deron lugar a diferentes variantes: do segundo elemento *-sindus* procede *-(s)ende* maioritariamente, pero tamén *-(s)inde* (*Rececinde*, *Recesindes*); de *-mirus*, ademais de *-mil*, deriva *-mel* (*Recemel*); e de *mundus*, *-monde* é o resultado máis frecuente fronte á forma *-munde* (*Recemunde*)⁷. Finalmente, tamén nas consoantes se atestan transformacións diverxentes, especialmente nas sibilantes. Así, a consoante inicial é regularmente a interdental (*Recesende*, *Recemil*, *Recemonde* etc.), pero tamén achamos a alveolar en *Rasamonde* e *Risamonde*, a postalveolar en *Rexosende*, *Raxasendes* e *Reximil* e mesmo unha oclusiva velar en *Requesende*, *Ricosende* e *Regomil*.

Malia que cumpriría unha análise máis demorada para determinar a natureza de cada mudanza en concreto, trátase, nos máis dos casos, de cambios irregulares, rexistrados con meirande profusión nos topónimos opacos, tal como sinalaba Boullón (2013). O motivo desta maior proclividade vincúlase precisamente coa súa carencia de significado. Un topónimo coma *Vilaboa*, por exemplo, que presenta, ademais da función referencial propia, un sentido semántico do que

⁶ A orixe de *Rec(c)*- é dubidosa pois pode retrotraerse ben ao gótico *riqs* ‘escuridade’, ben a *wrikan* ‘perseguir’ (HGNCB: 219, AMG: 388).

⁷ Os compoñentes *-sindus*, *-mirus* e *-mundus* retrotraíanse respectivamente ao gótico *sinþs* ‘camiño’, *mèreis* ‘famoso’ e *mund-* ‘man; protección’ (HGNCB 219, AMG: 388).


os usuarios do topónimo son conscientes, resulta menos susceptible de posibles alteracións no seu significante porque esas transformacións comportarían tamén mudanzas no plano do significado. Pola contra, as repercusións ao alterarmos os significantes de nomes inintelixibles coma *Recesende*, *Recemonde* ou *Recemil* son menores, por estaren desprovistos xa de calquera carga semántica.

Ora ben, cómpre lembrar que no seu uso habitual todos os topónimos teñen como función primaria a de referenciar unha realidade concreta e única, polo que é secundaria a asociación entre significante e significado. Exemplificábámolo antes co enunciado *Ao ir para a Pereiriña pasei polo Carballiño*: o falante asocia *A Pereiriña* e *O Carballiño* a dous lugares concretos e, secundariamente, xa nun grao máis elevado de reflexión, vincúlaos con dúas árbores. Este feito, arrimado á altísima frecuencia coa que usamos os topónimos a nivel local, fai que sexan máis propensos a experimentaren cambios irregulares. Os nomes transparentes, aínda sendo máis resistentes pola carga semántica que posúen, non escapan desta tendencia que pode conducirlos á opacidade significativa.

Para ilustrar isto, Santamarina (2005: 165, 166) sinala diversas formas toponímicas que presentaban como primeiro elemento o apelativo *agro* (< lat. AGRU)⁸: *Armaior* ‘agro maior’, *Grumiau* ou *Armiao* ‘agro mediano’, *Vernogueira* ‘agro (da) nogueira’, *Borbuxán* ‘agro de Buxán’ e *Gordondo* ‘agro redondo’. O grupo consonántico -GR-, que xeralmente se mantén inalterado (AGRU > *agro*), sufriu nestes topónimos diversas transformacións que foxen da norma regular e que conduciron estes nomes á opacidade, fronte a outros da mesma serie coma *O Agro do Mestre*, *O Agro do Pobre*, *Agrolongo* ou *O Agro Vello* que perduraron transparentes.

Outros exemplos de nomes falantes que se tornaron mudos encontrámoslos na ampla familia toponímica descendente do latín ECCLĒSĪA, representada no Mapa 2 e estudada tamén por Santamarina (2008), ao que remitimos para unha análise máis detallada das mudanzas que se produciron nestes nomes.

⁸ Boa parte dos exemplos citados por Santamarina están recollidos da tese doutoral de Antón Palacio: *Toponimia del ayuntamiento de Pantón (Lugo)* (1981: 629-634). O mesmo autor analiza a evolución da voz AGRU na toponimia no artigo posterior (Palacio 1988). Remitimos a estes dous traballos para ver máis exemplos e para a explicación detallada dos cambios que operan nestes nomes.



Mapa 2. Descendentes do latín ECCLESĪA na toponimia maior galega⁹

No que atinxe á súa secuencia inicial, podemos clasificar os resultados topónimos de ECCLESĪA en cinco grupos: *Igrexa*, coa evolución semiculta en *-gr-* do grupo latino CL-; *Irexex*, *Irexe* e *Irixex*, co grupo *-gr-* resolto en *-r-*; *Grixex* e *Gris*, con aférese da vogal inicial; *Eirexex*, *Eirexe*, *Eirixex* e *Eirixe*, con ditongo [ej]; *Airexex* e *Airexe*, con ditongo [aj]. Se atendemos á vogal tónica destes topónimos, diferenciamos dunha banda formas coa vogal etimolóxica [e] (*Igrexex*, *Irexex*, *Irexe*, *Eirexex*, *Eirexe*, *Airexex* e *Airexe*) e formas nas que [e] fechou un grao ([e] > [i]) polo influxo da semiconsoante da sílaba seguinte (*Irixex*, *Grixex*, *Eirixex* e *Eirixe*). Finalmente, fixándonos no resultado da vogal final, aínda podemos establecer outras tres clases: topónimos que rematan en [a] (*Igrexex*, *Irexex*, *Grixex*, *Eirexex*, *Eirixex*, *Airexex*); topónimos acabados na palatal [e], probablemente pola influencia da consoante anterior [j] (*Irexe*, *Irixex*, *Eirexe*, *Eirixe*, *Airexe*) e, por último, topónimos nos que

⁹ Elaboración propia a partir dos datos do NG. Para unha maior claridade, simplificamos a lenda obviando os artigos que presentan a maioría destas formas e tamén, no caso de topónimos compostos (*Eirexafeita*, *Souto da Igrexex*, *Campo da Eirexe*, *Grixanova* etc.), os elementos non pertinentes para esta análise. A elaboración e oficialización do NG puxo freo á castellanización sufrida por esta serie toponímica, especialmente polos nomes transparentes, adoito substituídos por *Iglesia*; de non haber constancia doutra variante, o castellanismo foi restaurado como *Igrexex*. A propósito disto, Santamarina (2008: 939), membro da Comisión de Toponimia encargada da preparación do NG, indica que cómpre aínda “verificar cantos dos *Igrexex* do Nomenclátor actual corresponden a *Igrexex* e cantos a *Eirexex*”.

se produciu a apócope da vogal final (*Gris*). Poderían establecerse nesta serie de topónimos distintos graos de intelixibilidade, desde aqueles completamente transparentes coma *Igrexa* ou *Eirexa* até aqueloutros coma *Irix* ou *Gris* nos que, debido á concatenación de alteracións no seu significante, se foi apagando por completo o seu significado orixinal e, de falantes, tornáronse mudos.

4.2. Topónimos mudos que se tornan falantes

Din que o topónimo *Chantada* foi obra do demo. Logo de moito e moito camiñar coa súa nai ao lombo, cansou de carrexar con ela e dixo: “Aí quedas chantada!”. E tal como dixo, alí a deixou quedar, no lugar que hoxe é Chantada. Contan tamén que cando lle foron pedir a man da súa filla, o conde de Castro, como tiña tres, preguntou ao interesado: “Cal delas?”. E de aí, dese episodio, xurdiu o nome de *Caldelas*. Os topónimos *Chantada* e *Caldelas*, coma todos os nomes de lugar, teñen a función primaria de referenciar unha realidade. Ora ben, isto non quita para que a xente tamén cavile sobre os posibles significados e motivacións dos seus topónimos e imaxinen bonitas historias coma a do demo e a súa nai ou a do conde e as súas fillas. E é que, como di Navaza (2007: 12):

A xente sempre sentiu curiosidade por coñecer a orixe e o significado dos nomes dos lugares. Para os nomes escuros xurdiron interpretacións, lendas e hipóteses etimolóxicas, tanto de creación popular como erudita. Moitas delas son puras fantasías, carentes de rigor científico, pero non por iso deixan de ter interese etnográfico como narracións ou lendas etiolóxicas. En moitos casos, esas fantasías arraigaron na cultura da comunidade e pasaron a integrar a tradición, de xeito que xa forman parte da historia de cada topónimo.

Os falantes estamos acostumados a asociar continuamente significantes con significados na lingua común. Este hábito é tan forte que tendemos a querer aplicar o principio de solidariedade entre os dous planos do signo lingüístico tamén nos topónimos opacos (Terrado 1999: 110). De xeito inconsciente, esixímoslles aos topónimos mudos que “digan algo”, que signifiquen. Sirvan como exemplo desta nosa tendencia as palabras de Manoel Fresco, un vello con “moita retrónica” que “deu na manía de espricar ao seu xeito os nomes dos lugares” (Baión 1976: 9):

Tódolos nomes do mundo teñen o seu por qué. O que pasa é que ás veces non llo sabemos, e ademáis con tanta algarabía como se fala non hai maneira de enterarse. Calquer parvo entende o que quer decir *Valencia*, polo moito *valer* daquela terra, e aínda se comprende que *Salamanca* será pendido de que habería alí moitas *saramagantas*.

Desta vontade de encher de significado os nomes de lugar opacos xorden na toponimia as etimoloxías populares, que Galmés (1986: 31) define como:

la reinterpretación [de topónimos opacos], operada en la conciencia lingüística del hablante, que tiende a reagrupar formas etimológicamente oscuras con raíces conocidas de aspecto semejante.

Atendendo ás repercusións da reinterpretación do significado do nome de lugar, podemos establecer unha distinción entre etimoloxías populares que modifican o significante toponímico e etimoloxías populares que soamente actúan no plano do significado, sen consecuencias formais no do significante.

4.2.1. *Etimoloxías populares que alteran o significante do topónimo*

No tocante ás primeiras, cando o falante asocia o significado do topónimo mudo co dunha voz viva coa que garda semellanzas formais, pode chegar a alterar o significante do topónimo para aproximalo máis ao do parónimo vivo. Sestay (2010: 116) recolleu no barrio vigués de Lavadores as variantes *Malvesada* e *Malpasada* para nomear o mesmo lugar. Apoiándose na documentación antiga, deduce o autor que a forma etimolóxica era *Malvesada*, en referencia a unha terra *mal vesada*, isto é, *mal arada*. Ao caer en desuso o verbo *vesar*, o topónimo tórnase opaco e, no intento inconsciente de darlle transparencia, os seus usuarios substitúen *vesada* por *pasada*, participio dun verbo moito máis común e coñecido. Outro exemplo, recollido por Navaza (2006: 235, 236), é o de *Erbedeiro*, topónimo motivado polo fitónimo *érbedo* (*Arbutus unedo*), convertido en *O Olvideiro*¹⁰. A denominación *érbedo*, que noutroa debeu ser ben coñecida, foi desaparecendo da lingua común e, consecuentemente, foise disipando o significado dos topónimos aos que deu orixe; isto explica que se

¹⁰ Este estudoso rexistra tres ocorrencias d'*O Olvideiro*, as tres como topónimo menor en diferentes concellos de Ourense.

modifique o seu significante orixinal, asociando o topónimo coa voz castelá *olvidar*, máis coñecida para os falantes ca *érbedo*. Tamén Navaza (2004: 142-154) estudou en profundidade o caso de *Acea de Ama*, nome dun lugar do concello de Culleredo, transformado durante moito tempo en *Haciadama*. O topónimo está formado polo substantivo común *aceá* ‘muíño’ e mais *Ama*, probablemente derivado da raíz indoeuropea *AM- ‘rego, canle’. A súa opacidade fixo que se reinterpretara, entendéndoo coma un composto da preposición castelá *hacia* e o substantivo *dama*. Esta reinterpretación callou entre a xente e *Haciadama* tornouse desde comezos do século xx no nome oficial da localidade, manténdose como tal até o *Nomenclátor de Galicia* de 2003, onde o topónimo aparece restaurado coa forma *Acea de Ama*. Estes exemplos poñen de manifesto a grande importancia que a documentación antiga presenta para o estudo da orixe dos topónimos, axudando a esquivar os enganados aos que as etimoloxías populares poden conducir.

4.2.2. Etimoloxías populares que soamente modifican o significado do topónimo

Tal e como sinalou Marsá (1981: 58), a etimoloxía popular non sempre comporta alteracións no significante do nome de lugar:

Este fenómeno no siempre es perceptible a través de la evolución fonética del significante. Puede afectar sólo a la interpretación popular del significado. En tal caso, conviene ensayar métodos que permitan llegar, por otras vías, a la comprobación del fenómeno.

Os relatos fabulosos sobre a orixe de *Caldelas* e *Chantada*¹¹ poderían ser encastrados neste grupo. Os dous constitúen unha reinterpretación do sentido e motivación deses topónimos, que non afecta en ningún dos casos ao plano do significante. No entanto, as máis das veces, as novas interpretacións son máis sinxelas, causadas pola asociación do topónimo cunha palabra homónima do léxico común. É o caso do falso haxiotopónimo *Sanxumil*, nome dun lugar

¹¹ En realidade, *Caldelas* nada ten que ver con “cal delas?”, senón que se retrotrae a unha forma *CĀLIDĒLLAS, diminutivo de CĀLIDAS ‘cálidas, quentes’, aludindo a augas termais. En canto a *Chantada*, o máis seguro é que non sexa cousa do demo, senón que se remonte á forma PLANTATA, que nos documentos medievais presenta o significado de ‘plantación’ ou, máis especificamente, ‘plantación de vides’ (Navaza 2011).

do concello de Dumbría e doutro do Saviñao; aínda que **Xumil* non apareza en ningún almanaque, a secuencia inicial do nome leva a asocialo cun santo. Xa Moralejo Lasso (1977: 42) advertiu do engano, retrotraendo *Sanxumil* ao antropónimo xermánico *Suniemirus* (HGNCB 264/6). Hermo (2013: 50) achéganos o exemplo de *O Moroso*, que dá nome a un lugar da parroquia rianxeira de Taragoña; na opinión da xente, alí debeu vivir unha persoa que non pagaba as súas débedas e, tal e como o autor sinala, este significado popular maniféstase en brincadeiras a respecto dos veciños da localidade. O máis probable, tal e como sinala o propio Hermo no seu traballo, é que *O Moroso* remita en última instancia a unha raíz prerromana **MOR-* ‘rocha, monte’. Non é nada estraña a intervención do humor e da retranscrición na etimoloxía popular; pensemos, por exemplo, nos xa famosos *Vilapene*, *Parderrubias* ou outros que adoito caracterizamos como topónimos chistosos ou curiosos. A graza sincrónica destes nomes desaparece ao nos achegarmos ao seu hipotético sentido orixinal: *Parderrubias* provén probablemente de *PARIĒTES RŪBĒAS* ‘paredes rubias’ e *Vilapene*, de *VĪLLA PENNĪ*, ‘a vila de Pennus’ (Piel 1948: 347). Nalgunhas ocasións, o chiste provocado pola fortuíta homonimia pode resultar pouco decoroso, ao coincidir o significante do nome de lugar co dunha palabra tabú. En casos extremos, esta circunstancia pode chegar a determinar un cambio toponímico ou retoponimización, coma o coñecido caso de varias parroquias galegas chamadas *Perros* ás que se lles mudou o nome polo de *Os Ánxeles*¹².

4.2.3. *Etimoloxías populares?*

En contra do que o termo indica, as etimoloxías populares son moi frecuentemente obra de persoas letradas¹³. O do topónimo *León*, explicado por Terrado (1999: 113), é un exemplo paradigmático:

¹² Estúdaas en profundidade Palacio (2013), xunto con outros “topónimos interditos” coma *Cas* ou *Malos*, tamén trocados por *Os Ánxeles*. Remitimos ao seu traballo para unha síntese das principais teses sobre a etimoloxía de *Perros*. Aínda que a orixe do topónimo é discutida, descártase por completo a relación co zoónimo castelán.

¹³ Por este motivo, moitos autores refugan o termo *etimoloxía popular* e prefiren outros máis neutrais. Baldinger (1986: 15) sinala algún deles coma *etimoloxía asociativa*, *etimoloxía estática*, *etimoloxía secundaria*, *etimoloxía espiritual* ou *metafísica*, *etimoloxía sincrónica*, *paretimoloxía*, *analogía léxica*, *atracción léxica*, *atracción paronímica* ou *homonímica*, *asimilación léxica* e *motivación secundaria*.

El espaldarazo de gracia de las llamadas etimologías populares lo dan normalmente las personas cultas. ¡Qué difícil resulta explicar que el nombre de la ciudad de *León* no tiene que ver en su origen con el feroz animal, cuando, erecto y coronado, es un símbolo aceptado desde hace diez siglos! Quienes crearon la heráldica medieval no eran precisamente personas analfabetas. Incluso el toponimista puede incurrir fácilmente en una falsa asociación etimológica. Tanto si es el lingüista como si es el campesino quien interpreta erróneamente el nombre, podemos decir que se ha elaborado una “etimología popular”.

Tamén na toponimia galega atopamos abundantes casos de etimoloxías populares de corte erudito. Un caso ben coñecido é o de *Compostela*, que aínda hoxe se explica mediante a paráfrase ‘campo da estrela’ e é considerado descendente de *CAMPUS STELLAE*, en alusión ao sinal estelar que, seguindo a tradición piadosa, posibilitou o achádego do sartego do apóstolo Santiago. Resulta evidente que esta interpretación debeu saír da mente dunha persoa letrada probablemente vinculada á igrexa, aínda que logo se popularizase e atinxise gran difusión entre veciños e peregrinos. Na actualidade, a hipótese con maior aceptación no ámbito filolóxico é a que retrotrae *Compostela* ao diminutivo en *ELLA* de *COMPOSITA*, participio feminino do verbo *COMPONERE*; a cidade sería logo “a ben composta, a ben construída”, significado tamén aplicable ás demais *Compostelas* galegas e tamén ao cognado leonés *Compostilla*, nome dun lugar en Ponferrada (León) (Navaza 2011).

Outro exemplo, ben estudado por Moralejo Álvarez (2008: 19-23), é o do nome do lugar de *Estramundi*, en Padrón, grafado durante moito tempo con *x* no canto de *s*: un cambio mínimo no significante que comportaba unha interpretación moi diferente do topónimo. O xenuíno *Estramundi*, con *s*, foi distorsionado non polos veciños da localidade, senón, como explica o autor con moita retranca, pola “man tabeliónica ou clerical”:

Estramundi, *extra* y *mundi* ‘fuera del mundo’, la palabra misma lo dice bien claro (...) puritito y mero latín. Así es, si así os parece, *Estramundi*, ‘fuera del mundo’ (...) *Extra-mundi* podría haberse quedado en un germánico y opaco *Estramonde* (cf. *Estremonde* en Portugal), pero parece ser que intervino la mano erudita, la mano tabeliónica o clerical que, en tierras de *Finisterrae* (y nunca sabremos si con Freud al fondo!), se pasó de culta y de etimológica para ‘ben trovere’ lo que no puede ser ‘vero’.

5. A MAIOR RESISTENCIA DA TOPONIMIA AO CAMBIO LINGÜÍSTICO XERAL

Cando se fala da resistencia da toponimia ao cambio lingüístico, adoitan citarse nomes coma *Sar*, *Soneira*, *Navia*, *Limia* e tantos outros que nos lembran que antes da chegada dos romanos e do latín á Gallaecia, aquí xa había vida e xa había lingua. Efectivamente, estas testemuñas silandeiras do fondo lingüístico prerromano que perviviron pese á substitución das súas linguas de orixe pola latina son a mellor ilustración da persistencia toponímica e constitúen, asemade, a fonte máis completa para nos aproximarmos ao substrato prelatino. A pervivencia destes nomes de lugar está evidentemente vinculada coa función referencial da toponimia: *Navia* e *Sar* entran no latín da Gallaecia como “rótulos” desprovistos de significado co fin de continuaren a nomear as realidades únicas e irrepitibles que xa anteriormente referenciaban. Por outro lado, a resistencia do nome será maior canto meirande sexa a comunidade que comparte o seu uso e, ao revés, canta menos xente coñeza e empregue o topónimo, máis susceptible será este ao cambio e á restauración. Así, os macrotopónimos e macrohidrónimos presentan, polo xeral, unha lonxevidade e estabilidade ben maior que a da microtoponimia e microhidronimia, caracterizada por unha maior renovación e modernidade (Moralejo Álvarez 2008: 103).

Con todo, a resistencia toponímica ás transformacións lingüísticas non soamente se manifesta na supervivencia dos nomes de lugar tras a extinción da lingua en que naceron. Tamén no seo do romance galego pode advertirse esta tendencia, sendo os topónimos, polo xeral, máis resistentes ás mudanzas experimentadas pola lingua na súa evolución diacrónica.


Tal e como xa recalcamos e exemplificamos na segunda epígrafe deste traballo, os nomes de lugar forman parte da lingua e evolucionan de xeito paralelo ás restantes palabras que conforman o sistema lingüístico. Ora ben, as particularidades do signo toponímico das que falamos na terceira epígrafe fan que debamos introducir certos matices naquel aserto inicial. As diferenzas no modo de significar entre o nome propio e o nome común implican tamén diferenzas no modo de afrontar o cambio lingüístico. Ao teren como función primordial a de referenciar unha realidade única e ao irse esvaecendo o seu significado léxico, os topónimos tenden a fixarse e a esquivar con maior facilidade as mudanzas que sofren as demais palabras. Dito doutro xeito, os topónimos, polas súas

características peculiares que os afastan da lingua común, manifestan unha maior resistencia ao cambio lingüístico, podendo manterse ancorados nun estadio pretérito, petrificados, inalterados perante as evolucións internas sufridas na lingua co decorrer do tempo. Tomando a explicación de Navaza (2002: 138):


A diferenza do que acontece coa información extraída da fala viva, sincrónica, a toponimia contén vestixios de épocas históricas distintas e pode fornecer información sobre estadios anteriores da xeografía lingüística. Polo regular as formas minoritarias tenden a ser substituídas na fala por outras máis comúns, nun proceso de harmonización espontáneo que se manifesta máis acusadamente nas áreas de fronteiras lingüísticas. A toponimia adoita ser moito máis conservadora cá fala e tende a resistir esa tendencia.

Para ilustrarmos a resistencia da toponimia ao cambio lingüístico, contrastaremos a información cartografada nos Mapas 3 e 4 deste traballo. No primeiro deles, extraído do *ALGa* VI, recóllense as diferentes variantes lexicais existentes no galego moderno para chamarlle á árbore que dá as mazás (*Malus domestica* Bork). No segundo, os topónimos galegos, maiores e menores, rexistrados no NG e no PTG (vid. nota 1) que, en principio, foron motivados pola mencionada árbore froiteira. Unha primeira ollada a ambos os mapas lévanos a volver sobre a idea inicial de que a evolución da toponimia foi parella á da lingua común, o cal se traduce, no plano sincrónico, nun reparto diatópico similar: no mapa dos nomes de lugar (mapa 4) poden observarse as *Maceira*, *Mazaira* e *Maciñeira* que se contemplan tamén no do *ALGa* (mapa 3), cun reparto xeográfico congruente entre ambos.

Porén, se nos fixamos no territorio destacado, a área fisterrá e contorna, as diferenzas entre o léxico común e a toponimia resultan rechamantes. Nesta zona rexístrase maioritariamente a variante *mazanceira* na fala: é case a resposta única nos puntos máis achegados á costa coruñesa; no entanto, a súa predominancia vaise difuminando conforme avanzamos cara ao interior e cara ao sur, convivindo coa variante *maceira* nos lugares de Ames, Val do Dubra, Dodro, Catoira e O Grove, puntos de transición entre a área de *mazanceira* e a de *maceira*. Pola contra, na toponimia, polo menos na recollida até o de agora, e considerámola unha mostra fiable, *Maceira* é na zona destacada practicamente a variante exclusiva: no NG non se recolle ningunha *Mazanceira* e no PTG soamente se rexistra *Mazanceiras* coma o nome dunhas terras en Ames e *O Pozo das Mazanceiras* coma o doutras en Compostela.



Mapa 3: ALGa VI: 238, *Maceira* (*Malus domestica* Bork)



Mapa 4: *Maceira*, *Mazaira*, *Maciñeira*... na toponimia galega (vid. nota 1)

A partir da información que os mapas 3 e 4 nos fornecen, podemos tirar a conclusión de que a área que hoxe presenta a variante *maceira* na lingua común tivo que ser noutrora maior, abranguendo tamén a área fisterrá na que hoxe se rexistra *mazanceira*, voz innovadora creada a partir de *mazán* (variante occidental de *mazá*)¹⁴. Nesta área, *mazanceira* triunfou e substituíu a *maceira*. Porén, na toponimia, máis conservadora e resistente ao cambio, non actuou esta substitución, perdurando *Maceira* como nome de lugar. O motivo disto está, como antes apuntamos, na perda de conciencia do significado toponímico polos falantes: o veciño ou a veciña da área fisterrá troca *maceira* por *mazanceira* para designar a árbore que dá as mazás, mais mantén *Maceira* para chamarlle á súa leira ou ao seu lugar, pois xa non asocia esa *Maceira* co significado ‘árbore froiteira’, senón cun espazo extralingüístico concreto e único.

Así pois, tal e como sinala Boullón¹⁵ (2002: 116):

Se un mapa dialectal dunha forma léxica é unha foto fixa dun momento preciso do cambio lingüístico, a achega dos datos onomásticos posibilitará engadirlle, nese momento, unha perspectiva temporal máis antiga.

No caso que nos ocupa, o Mapa 3 é a foto fixa, mais non por iso pouco profunda, das diferentes variantes que na década dos setenta, cando foron recollidos os datos do *ALGa*, existían no galego para designar comunmente a *Malus domestica*; a través do Mapa 4 viaxamos máis atrás no tempo, a cando na área fisterrá as *mazanceiras* eran aínda *maceiras*. Así pois, a través dos datos toponímicos e da confrontación destes cos do léxico común podemos extraer interesantes informacións sobre o cambio lingüístico. A toponimia dámos noticias sobre estadios pretéritos da lingua e achéganos tamén datos sobre a dirección da mudanza, isto é, sobre o sentido no que actuou ou está actuando o cambio. En definitiva, a súa fortaleza perante as transformacións lingüísticas xerais converte a toponimia

¹⁴ Esta é a hipótese máis plausible á hora de explicar a creación de *mazanceira*, conforme a unha tendencia xeral no galego occidental a formar novos substantivos que designan árbores froiteiras derivados do nome da froita (cf. *cereixeira* fronte a *cerdeira*, *ALGa* VI: 232). No portugués rexístrase a forma *maçãzeira*, seguindo o mesmo proceso derivativo a partir de *maçã* (TLPGP, s.v. *macieira*).

¹⁵ A citada estudosa inclúe tamén no seu traballo datos da outra póla da onomástica, a antroponimia, que acostuma ser tamén máis conservadora ante as transformacións lingüísticas. Así, no que atinxe ao exemplo analizado, o apelido *Maceiras* presenta unha alta frecuencia nos concellos de Dumbría, Muros, Mazaricos, Cee, Outes etc., todos eles situados na área de *mazanceira* no léxico común (Fonte: CAG): cambiou o nome da árbore, mais a xente, evidentemente, non mudou o seu apelido.

nunha valiosa fonte complementaria para o estudo do cambio lingüístico (Álvarez Blanco 2002 e 2007, Boullón 2002, Navaza 2002).

6. RESUMO E CONCLUSIÓNS

1. Os nomes de lugar forman parte da lingua e a súa evolución é, en xeral, semellante a de todas as demais palabras. Así pois, a toponimia non permanece inmóbil ante o cambio lingüístico nin tampouco se transforma de modo completamente irregular e anárquico.
2. Fronte aos demais signos lingüísticos, no signo toponímico a asociación principal establécese entre o significante e o referente extralingüístico (p. ex. [perej'riɲa] → un lugar concreto vs. [perej'riɲa] → 'todos os individuos da clase léxica 'pereira' + característica 'pequena'), sendo secundario o vínculo entre o significante e o significado do topónimo (cando o teñen). Nesta singularidade dos nomes de lugar estriban, desde o noso punto de vista, as causas de que a toponimia presente ás veces un comportamento particular ante o cambio lingüístico, sendo máis proclive ás mudanzas irregulares, pero tamén máis resistente ás mudanzas regulares.
3. A perda de conciencia do significado toponímico por parte dos falantes, e tamén a alta frecuencia coa que usamos os nomes de lugar, fan que a toponimia sexa máis propensa a experimentar cambios irregulares. No casos dos topónimos transparentes, estas mudanzas irregulares poden conducirlos á opacidade significativa. Ora ben, tamén se dá a tendencia oposta: a mudanza irregular pode concederlles unha falsa transparencia aos topónimos opacos. Neste caso, a asociación entre o significante e o significado do topónimo cobra forza e, cando se trata de nomes mudos, téntase devolverlles o significado vinculando o topónimo cun parónimo ou homónimo vivo no léxico común.
4. Finalmente, a toponimia é máis resistente aos cambios xerais que ocorren na lingua. A mellor ilustración da persistencia da toponimia son aqueles nomes prerromanos que se mantiveron pese á extinción das linguas nas que foron creados. Con todo, tamén na evolución do romance galego se advirte a tendencia conservadora da toponimia, que pode manterse ancorada nun estadio pretérito da evolución lingüística. O feito de ser máis conservadora

que a lingua común, converte a toponimia nunha valiosa fonte complementaria para o estudo do cambio lingüístico, achegándonos información moi interesante sobre estadios pretéritos na evolución da lingua.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALGa VI = Francisco FERNÁNDEZ REI (coord.) (2016): *Atlas Lingüístico Galego. Volume VI: Léxico. Terra, plantas e árbores*. A Coruña: Instituto da Lingua Galega.
- ÁLVAREZ BLANCO, ROSARIO / XOSÉ XOVE FERREIRO (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- ÁLVAREZ BLANCO, ROSARIO (2002): «Topónimos en *-edo* e *-ido*», en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.): *Actas do XX Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas (Santiago de Compostela, 20-25 de setembro de 1999)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 87-101.
- ÁLVAREZ BLANCO, ROSARIO (2007): «*Ayroa, Riazón, Lagosteiras, Oiteiro*. Algúns procesos de cambio lingüístico testemuñados en apuntamentos onomásticos de Martín Sarmiento», en Luz Méndez / Gonzalo Navaza (eds.): *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica «Frei Martín Sarmiento» (Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002)*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 49-67.
- AMG = Ana Isabel BOULLÓN AGRELO (1999): *Antroponimia medieval galega (ss. VIII-XII)*. Tübingen: Max Niemeyer.
- BAIÓN, Celso de (1976) [pseudónimo de Xosé María Álvarez Blázquez]: *Os nomes da terra recollidos do pobo*. Vigo: Castrelos.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (2002): «Onomástica e dialectoloxía: a propósito de raposo e golpe», en Rosario Álvarez, Francisco Dubert / Xulio Sousa (eds.): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 115-136.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (2013): «Variación e estandarización na toponimia galega», en María Dolores Gordón Peral (coord.), *Lengua, espacio y sociedad. Investigaciones sobre normalización toponímica en España*. Berlín: Walter de Gruyter, 37-59.
- CAG = Ana Isabel BOULLÓN AGRELO / Xulio SOUSA FERNÁNDEZ (dirs.): *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/cag/>>
- DAUZAT, Albert (1963): *Les noms de lieux. Origine et évolution*. Paris: Delagrave.
- GALMÉS DE FUENTES, Álvaro (1986): «Toponimia asturiana y asociación etimológica», *Lletres asturianas* 19, 31-39. <<http://www.academidelalingua.com/lletresasturianas/index.php?px=articulu&cod=554>>
- GARCÍA ARIAS, Xosé Lluís (1995): *Toponimia: teoría y actuación*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana.
- HERMO GONZÁLEZ, Gonzalo (2013): «Toponimia maior da parroquia de Taragoña (Rianxo, O Barbanza). Estudo etimolóxico», *Estudos de Lingüística Galega* 5, 43-67.
- HGNB = Joseph M. PIEL / Dieter KREMER (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter.
- LAPESA, Rafael (1992): «La toponimia como herencia histórica y lingüística», en Rafael Lapesa, *Léxico e Historia. Palabras*. Madrid: Itsmo, 169-189.
- MARSÁ, Francisco (1981): «Vida del nombre propio», en Emília Anglada / Maria Bargalló (eds.), *El cambio lingüístico en la Rumania*. Lleida: Virgili & Pagés, 43-60
- MORALEJO LASSO, Abelardo (1977): *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Pico Sacro.
- MORALEJO ÁLVAREZ, Juan J. (2008): *Callaica Nomina*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- MOUREU-REY, Enric (1982): *Els nostres noms de lloc*. Mallorca: Editorial Moll.

- NAVAZA BLANCO, Gonzalo (2002): «Dialectoloxía e toponimia», en Rosario Álvarez / Francisco Dubert / Xulio Sousa (eds.): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 137-146.
- NAVAZA BLANCO, Gonzalo (2004): «Os topónimos *Acea de Ama* e *O Xurés*», *Revista Galega de Filoloxía*, 5, 141-162.
- NAVAZA BLANCO, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- NAVAZA BLANCO, Gonzalo (2007): *Toponimia de Catoira*. Catoira: Concello de Catoira.
- NAVAZA BLANCO, Gonzalo (2011): «Galicia», en Xosé Lluís García Arias / Emili Casanova Herrero (coords.), *Toponimia Hispánica. Origen y evolución de nuestros topónimos más importantes*. Valencia: Denes editorial, 13-36.
- NG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2004): *Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. <<http://www.xunta.gal/nomenclator>>.
- PALACIO SÁNCHEZ, Antón (1981): *Toponimia del ayuntamiento de Pantón (Lugo)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Tese de doutoramento inédita.
- PALACIO SÁNCHEZ, Antón (1988): «Sobre unha evolución diverxente do latín *agrum* nalgúns topónimos galegos», en Dieter Kremer (ed.): *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85º aniversario*. Tübingen: Instituto da Cultura e Língua Portuguesa / Consello da Cultura Galega, 85-86.
- PALACIO SÁNCHEZ, Antón (2013): «*Malos, Perros* e *Cas*, topónimos interditos», *Estudos de Lingüística Galega* 6, 217-231.
- PIEL, Joseph M. (1948): *Nomes de «possessores» latino-cristãos na toponímia asturo-galego-portuguesa*. Coimbra: Universidade de Coimbra
- PIEL, Joseph M. (1979): «Considerações gerais sobre toponímia e antroponímia galegas», *Verba* 6, 5-11.
- PTG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2000–): *Proxecto Toponimia de Galicia (microtoponimia)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. <<http://toponimia.xunta.es/>>.
- SANTAMARINA, Antón (2005): «Viaxe pola onomástica galega», *A trabe de ouro: publicación galega de pensamento crítico*, 62, 155-183.
- SANTAMARINA, Antón (2008): «A pegada relixiosa na toponimia galega. 1. Edificios relixiosos», en Xosé Luís Axeitos / Emilio Grandío Seoane / Ramón Villares (eds.), *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 935-949.
- SESTAY MARTÍNEZ, Iván (2010): *Toponimia do Val do Fragoso 2. Lavadores*. Vigo: Universidade de Vigo.
- TERRADO PABLO, Javier (1999): *Metodología de la investigación en toponimia*. Zaragoza: INO Reproducciones.
- TLPGP = Rosario Álvarez Blanco (coord.): *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/Tesouro>>
- TRAPERO, Maximiano (1995): *Para una teoría lingüística de la toponimia (Estudios de toponimia canaria)*. Las Palmas de Gran Canaria: Universidad de Las Palmas de Gran Canaria.

